

**ACORDO DA COMISIÓN DE SELECCIÓN QUE DEBERÁ CUALIFICAR O PROCESO SELECTIVO, POLA QUENDA DE ACCESO LIBRE E MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, PARA O INGRESO NA CATEGORÍA DE TÉCNICO MEDIO DE PERSOAL LABORAL FIXO, CONVOCADO POR ANUNCIO DO 20 DE DECEMBRO DO 2022 (DOG NÚM. 248 DO 30-12-2022)**

En Santiago de Compostela, en reunión celebrada o día 21 de xullo do 2023, a Comisión de selección ACORDOU

Comunicar que a proba do primeiro exercicio da fase de oposición celebrarase o día 22 de setembro do 2023, en chamamento único que se iniciará ás 16.00 horas na Escola Galega de Función Pública en Santiago de Compostela. O número da Aula comunicarase a maior brevidade.

As persoas aspirantes deberán ir provistas do DNI ou de documento fidedigno acreditativo da súa identidade a xuízo da comisión, lapis do número 2 e goma de borrar.

Non se permitirá o acceso á aula en que se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro material ou instrumento de que se poidan valer as persoas aspirantes para auxiliarse na realización do exercicio. Non se habilitará ningún servizo de recollida de móbiles.

A Secretaria da Comisión.